



CONDICIÓN XERAIS PARA A SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DO CGTD

1. As instalacións do CGTD poderán ser utilizadas polos deportistas e técnicos das federacións e clubs deportivos galegos para o desenvolvemento do seguinte tipo de actividades:

- Tecnificación deportiva durante o curso escolar.
- Tecnificación deportiva en períodos vacacionais.
- Adestramento de deportistas de alto nivel.
- Tecnificación deportiva no ámbito de clubs deportivos galegos.
- Cursos de adestramento, arbitraje e perfeccionamento deportivo en xeral.
- Asambleas de clubs e federacións.
- Actividades docentes.

2. Para facer a solicitude de uso de instalacións deportivas a entidade solicitante deberá presentar en tempo e forma a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude (ANEXO I)
- Composición do/s grupo/s de adestramento (ANEXO II)
- Datos dos usuarios (ANEXO III)
- Declaración de coñecemento e aceptación das normas xerais (ANEXO IV)

3. Para a adxudicación de instalacións e horarios terase en conta o seguinte:

- A disponibilidad horaria do Centro.
- O grado de cumprimento das normas na tempada anterior por parte dos integrantes do grupo.
- A categoría deportiva do clube.
- O número de licenzas en Galicia da modalidade deportiva do clube solicitante.
- O sistema e número de competicións en cada modalidade deportiva.

5. A solicitude para o uso de instalacións do CGTD deberá ser presentada na oficina do Centro Galego de Tecnificación Deportiva ou remitida por fax (986 847 510) ou correo electrónico (cgtd@xunta.es) con un mínimo de 10 días sobre a data prevista para o inicio da actividade.

6. A solicitude de uso de instalacións do CGTD leva implícita o coñecemento e aceptación das normas de convivencia do centro, especialmente no que respecta ó cumprimento dos horarios, consumo de substancias prohibidas (alcohol, tabaco e outras), respecto á dignidade e integridade física e moral das persoas e respecto ós bens materiais e instalacións.

Pontevedra, 1 de setembro de 2009

A Directora do Centro Galego de Tecnificación Deportiva
Elena Fernández Rodríguez